



INFORMACIÓN PARA DOAR SANGUE

900 100 828

Teléfono gratuito

Infórmate nas redes sociais de ADOS
Máis información ados.sergas.gal



POR QUE DOAR SANGRE

- ❖ Porque non se pode fabricar.
- ❖ Porque é un ben escaso.
- ❖ Porque o sangue ten unha duración limitada.
- ❖ Porque non debilita o noso organismo.

PODES DOAR SANGUE CON:

- ❖ Saúde normal.
- ❖ Mais de 50 quilos.
- ❖ Entre 18 e 65 anos.
(a partir de 65 anos co permiso do teu médico)

NUNCA PODES DOAR SANGUE SE...

Padeciches, padeces ou es portador crónico de enfermidades **transmisibles polo sangue** (hepatite B, hepatite C, VIH, Chagas, HTLV...) ou tes unha parella que as padece.

Consumes **drogas vía intravenosa** ou tes de xeito habitual **distintas parellas sexuais** con comportamentos de risco ou mantiveches relacións sexuais a cambio de **cartos ou drogas** ou con persoas das que descoñeces os seus hábitos sexuais.

Padeces unha enfermidade **grave ou crónica** (corazón, ril, pulmón...), cancro, epilepsia, bronquite severa, enfermidade hematolóxica, diabetes insulino dependente ou asma grave.



PARA DOAR SANGUE TES QUE ESPERAR

7 días despois dunha cirurxía menor con anestesia local ou despois dunha extracción dental, **3 días** despois dun empaste e **24 horas** despois dunha limpeza dental.

15 días despois de ter febre, gripe ou unha enfermidade infecciosa (con ou sen tratamento antibiótico).

4 meses despois de facer piercing, tatuaxes, acupuntura, endoscopia, cateterismo, despois dunha intervención cirúrxica ou despois de recibir unha transfusión de sangue.

4-6 meses despois do regreso dunha viaxe a zonas endémicas (malaria, HTLV...)

6 meses despois dun parto ou aborto (sempre esperar a rematar a lactación), se tomas tratamento para curar unha anemia e despois de curar unha toxoplasmosis ou mononucleose.

6 meses despois de ter contacto doméstico con doentes ou portadores de hepatite B, hepatite C ou VIH.